

Texto lido na presentación de *Ningún precipicio*, de Olalla Cociña, en Vigo, o 21 de novembro de 2013

Gonzalo Hermo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMO, GONZALO (2014 [2013]). “Texto lido na presentación de *Ningún precipicio*, de Olalla Cociña, en Vigo, o 21 de novembro de 2013”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2720>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 14 de abril de 2014 a partir do arquivo facilitado polo autor.

TEXTO LIDO NA PRESENTACIÓN DE *NINGÚN PRECIPICIO*, DE OLALLA COCIÑA, EN VIGO, O 21 DE NOVEMBRO DE 2013

Gonzalo Hermo

Olalla debe saber algo de mercadotecnia: eu quero ler un libro que se titule *Ningún precipicio*. Calquera libro que se chamase así. Hai algo enigmático nese nome que nos conxura, que axiña nos prende a unha multitude de significacións, de referencias simbólicas compartidas, que terman con forza da nosa subxectividade. O precipicio. Ningún. Precipicio. Estou pensando na estrutura lingüística da frase, na negación e no que iso implica. Aínda non sabemos con exactitude qué cousa quere dicir o precipicio pero a renuncia que se desprende do título semella que vén falarnos dunha actitude da poeta ante o texto, dunha posición con respecto á escritura. Pero cal?

Olalla chamoulle precipicio e eu penso nos gregos poñéndolle outro nome: Dionisos. O exceso. As pulsións pouco saudables, non sei se enfermizas, que atinxen nalgún momento ao común dos mortais – e quen estea libre de pecado que tire a primeira pedra e pase a receita. Podería pensarse que a autora refugou dos procesos convulsos e se lanzou a bicar os pés de Apolo, talvez pintando flores, poñéndolle cor ás ás das bolboretas, pero non é iso. Porque se negar significa en boa medida convocar, traer de volta, daquela *Ningún precipicio* é un título irónico: promete o que non é. O precipicio está. E non fai falta remexer moito para atopalo; comparece no poema coa potencia dun espectro. Iso si, a autora resiste o seu embate, non se deixa arrastrar por el, non é condescendente consigo mesma. Sitúase, máis ben, ao bordo do cantil, nese punto estratéxico que lle permite ver o abismo sen virse abaixo. Onde os pés pisan a terra e hai boa vista. Nese difícil equilibrio.

Así é como o entendo eu, aínda que, a dicir verdade, esta obra pode ser lida de distintos xeitos e iso é un dos seus maiores acertos. Desde Ricoeur, sabemos que o lector ten a obriga de apropiarse do texto, de facelo seu, pero tamén é certo que hai autores máis xenerosos ca outros á hora de ceibarse daquilo que escriben. Olalla é especialmente desprendida neste terreo. Quero dicir que articula os poemas de tal maneira que o lector, a lectora, poidan atopar acubillo sen ter que renunciar a un cerebro (e a un corazón) que funcionan. Deben funcionar, de feito. Porque, dándolle voltas, ocorrúseme que estes poemas fosen lidos na súa literalidade e, daquela, un vería a escena, si, unha escena perfectamente filmada con palabras, pero estaría perdendo o sentido do que acontece. Aí é onde a voz que escribe aparece para advertirnos, coa única ferramenta que lle concede a mestría no verso: non vos confíedes, nada é tan sinxelo como parece. E o precipicio volve aparecer.

Despois de abril para botarlle o prebe
cunha botelliña de auga mineral
comen en silencio a empanada da feira
e que ben lles sabe a empanada de raia compartida así
ben xuntas, rindo

á beira dos contedores ateigados de caixas e froita podre
reventadas de estar toda a mañá
vendendo bragas e zapatillas

non podes deixar de miralas en fite
porque les na forma de cortala coas maos, de repartila
a dita dun ritual de domingo tan alleo ao teu
e só queres ter
esa fame
coa que elas comen

A poeta introdúcenos no evento: as feirantes comendo empanada coas mans despois de choiaren. Sentir envexa da fame coa que comen. Ata aí. O que queira dicir esa envexa, as circunstancias que a envolven, as que a provocan, iso pono quen le. A min, particularmente, non me gusta que me idioticen cando collo un libro. Prefiro a poesía que propón á que sentencia. A que chama por min. Aquela que, como se se tratase dun acontecemento, me *fai sinais e me espera*.

Ningún precipicio funciona así, como unha sucesión de secuencias significativas tiradas da filmografía dun bo director. A autora manexa a cámara, marca o rumbo. É boa facéndoo e un conecta axiña. Son sempre episodios moi próximos, aparentemente normais. Unha conversa cunha amiga, un paseo pola alameda, un día calquera de praia. Pero, ollo, isto non é poesía do cotián, aquí non se busca sublimar o común, facer fermoso o intranscendente. O que sucede é que a poeta non necesita de grandes escenarios de conflito, fuxidas máis ou menos tácitas a ambiente sublimes ou patéticos, para ollar o precipicio. Bástalle abrir a porta e saír da casa. Ou quedar dentro. Nesa paz tirante que a obra tan ben retrata.

Coido que o que acontece coa poesía do cotián é que todo é máis ou menos bonito, máis ou menos inane, se se mira con distancia. Olalla sábeo e por iso nos obriga a aproximar a ollada. Entón vemos as fisuras, as manchas. Desconfiade das escenas de aparencia *naïf*. Non hai un só poema amable neste libro. O *confort* queda para os hoteis e a literatura de quiosco. A poesía aquí é outra cousa.

Non era meu: collino
para que tu mo reclamases

púxenlle un nome
díxenlle como se había chamar
de agora en diante
e abraceino con numismática tenrura

só para ver como viñas e mo quitabas

e ser a máis pobre
e sentirme
ben baixo

A poeta desarticula a infancia como espazo de consolo, quítalle o caldo de azucre. Infancia e pureza son sinónimos no imaxinario occidental; logo facémonos grandes e pervertémonos. De Petrarca a Cunqueiro, esa idea despunta no mellor da tradición lírica europea. Pois ben, boa parte dos textos desta obra supoñen un revulsivo contra ese engano. Iso non quere dicir que se retrate a infancia como unha especie de sala das torturas porque

non é este un libro afectado en ningún sentido. Acéptase a inocencia, acóllese a tenrura, pero lembrar a infancia sempre ten algo de aflición porque un agora pode comprender. E, efectivamente, o precipicio estaba xa alí, asomando a pouta, rabuñando un pouco. Facendo que a nena queira ser roubada. Olalla explícao mellor cando fala dunha “consciencia extrema que doe”.

A esta obra eu poñeríalle unha cita de Thomas Browne: “Dentro de min hai outro home que está contra min”. Cociña, que ten máis gusto, optou por un anaco dunha canción de El Hijo: “Me cuentan / que te volviste atrás/ a las puertas de tu Shangri-La”. Que cousa hai en nós que nos nega a ventura? Por que temos medo a abriremos a porta?